

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE EULOGIO GÓMEZ FRANQUEIRA.

CURSO: 2º

MATERIA: Educación plástica

DEPARTAMENTO:

DATA: 12-5-20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Xustificación lexislativa
2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
3. Avaliación e cualificación.
4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
5. Información e publicidade.

1. XUSTIFICACIÓN LEXISLATIVA

O artigo 91 da LOE (L.O 2/2006 do 3 de maio) modificada parcialmente pola LOMCE (L.O. 9/2013 do 9 de decembro) establece a programación das áreas e materias como a PRIMEIRA función do profesorado. Dita programación establécese como aberta e flexible.

A lexislación vixente establece 3 niveis de concreción curricular:

O primeiro nivel ven dado tanto polo RD 126/2014 de 28 de febreiro (currículo estatal de primaria) coma o D 105/2014 do 4 de setembro (currículo galego).

O segundo nivel serían as correspondentes concrecións curriculares establecidas polos centros educativos.

O terceiro nivel corresponde coas diferentes programacións didácticas elaboradas polo profesorado para cada materia.

O presente curso escolar 2019-2020 ten o seu calendario estipulado pola orde 20-6-19, dita orde establece un total de 175 días lectivos. O Real Decreto 463/2020 estableceu o estado de alarma (aínda vixente e en fase de desescalada), dito documento interrompeu a asistencia de alumnado e profesorado aos centros educativos dende o 14 de marzo de 2020. Como consecuencia directa o número de días lectivos con asistencia de alumnado interrompeuse en 115 días (71 días no primeiro trimestre e 44 no segundo).

A teleformación substituíu ás clases presenciais e o profesorado tivo que organizar nun espazo moi breve de tempo a continuidade da docencia durante o estado de alarma. A teleformación no noso centro está condicionada pola escasez de equipas informáticas e conexións a internet nos fogares do noso alumnado.

Tamén é preciso resaltar a mala calidade das conexións a internet no ámbito do noso centro (zona rural con escasa cobertura tanto de móbil coma de internet).

A dirección do centro sondeu as posibilidades de comunicación das familias dando coma resultado un 40% de familias sen equipos informáticas operativas ou conexión a internet. A situación deu coma conclusión 3 únicas vías de comunicación: páxina web do centro, perfil de redes sociais (Facebook) e Whatsapp. Valorando as opcións, determinamos o Whatsapp como a vía preferente de comunicación dado que o 100% das familias son usuarias habituais deste sistema.

Seguindo as instrucións do 27-4-2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia; débense modificar os elementos previstos inicialmente nas programación didácticas establecidas a principios do presente curso escolar 19/20. Ditos cambios estarán referidos a:

- 1- Elementos curriculares avaliáveis
- 2- Modificacións metodolóxicas
- 3- Modificacións avaliativas.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	Estándares de aprendizaxe
B1.1 Describir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan.	EPB.1.1.1 Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas.
B1.3. Clasificar texturas, formas e cores atendendo a distintos criterios.	EPB.1.3.1 Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades. EPB.1.3.2 Identifica diferentes formas de representación do espazo. Realiza correctamente mesturas de cores primarias.
B2.1. Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	EPB.2.1.1 Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión. EPB.2.1.2 Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.
B2.2. Coidar o material e os espazos e utilízalos adecuadamente.	EPB.2.2.1 Coida o material e respecta as normas preestablecidas.

Trátase de seleccionar, da programación orixinal, aqueles criterios e estándares que repasaron das dúas primeiras avaliacións ou que se seleccionaron para avanzar contidos por consideralos imprescindibles.

Pódese usar este modelo ou pódese facer seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva (copiando e pegando)

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: (Seguindo a orde ECD 65/2015)</p> <ol style="list-style-type: none"> 1- Observación sistemática do traballo dos alumnos. 2- Probas orais e escritas. 3- Protocolos de rexistro. 4- Traballos de clase. <p>Instrumentos durante as clases presenciais:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1- Probas orais. 2- Controis de unidades e trimestrais. 3- Caderno do alumn@. 4- Traballos individuais. 5- Class dojo (app educativa con ítems que valoran diferentes aspectos de cada unha das materias) <p>Instrumentos durante as clases telemáticas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1- Tarefas propostas polo profesorado. 2- Class Dojo (app educativa con ítems que valoran diferentes aspectos de cada unha das materias).
Cualificación final	<p><i>Tendo en conta o número de días lectivos, procederase ordinariamente da seguinte forma:</i></p> <p><i>Cualificacións do 1º trimestre 62% da nota final</i></p> <p><i>Cualificacións do 2º trimestre 38% da nota final</i></p> <p><i>A cualificación final do curso obterase coa seguinte fórmula: Nota do 1º trimestre x 0,62 + nota do 2º trimestre x 0,38= nota final do curso. Aínda que se propoña este formato, analizarase cada caso individualmente buscando SEMPRE a mellor opción de cualificación final para cada neno ou nena.</i></p> <p><i>O traballo feito a partir da suspensión da actividade docente presencial SÓ puntuará en positivo e poderá supor ata un 10% de incremento na Cualificación final.</i></p>

**método xenérico que empregamos para a recollida de información sobre a consecución dos obxectivos formulados: observación sistemática, análise das producións do alumnado, probas específicas, valoracións por escrito, recopilación de materiais...*

***ferramentas físicas que empregamos para levar a cabo os anteriores procedementos: cuestionarios, formularios, cadernos, exame oral, exame escrito, probas de control, traballos individuais ou en grupo, rubricas...*

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Tarefas de repaso: Tarefas de recuperación: Tarefas de reforzo: Tarefas de ampliación:</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A teleformación substituíu ás clases presenciais e o profesorado tivo que organizar nun espazo moi breve de tempo a continuidade da docencia durante o estado de alarma.</p> <p>Valorando diversas opcións determinamos en primaria o uso de Whatasapp como a vía preferente de comunicación dado que as familias son usuarias habituais deste sistema. Non será imprescindible o uso de impresora aínda que o concello tense comprometido a imprimir e facer chegar o material ás familias.</p> <p>1. A situación provocada pola metodoloxía non presencial fai que as actividades de aprendizaxe que se propón, aumente a importancia das seguintes estratexias:</p> <p>1.1. Partir de coñecementos previos presentando a información de xeito que active a curiosidade e o interese do alumno/a polo contido.</p> <p>1.2. Empregar unha linguaxe familiar que facilite a comprensión.</p> <p>1.3. Facilitar o proceso de orientación antes, durante e despois a través dos medios de interacción dos que se dispón.</p> <p>1.4. Coordinación entre o profesorado á hora de propoñer as tarefas ao alumnado para non sobrecargalo.</p> <p>1.5. O profesorado levará un control sobre a entrega de tarefas na plataforma educativa Esemtia para facer un seguimento da actividade lectiva e o nivel de desconexión.</p>
Materiais e recursos	<p>Libros de texto, dispositivos móbiles, vídeos titoriais, materiais fotocopiados, audios, mensaxes de texto así coma chamadas de voz co alumnado e familias.</p> <p>A vía de comunicación preferente é Whatsapp.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Libros de texto. 2. Apuntamentos en diferentes formatos. 3. Audios e vídeos. 4. Actividades interactivas. 5. Enlaces a páxinas web. 6. Teléfono persoal dos docentes (whatsapp), páxina web e redes sociais do Colexio.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Plataforma de comunicación efectiva, Whatsapp: <ul style="list-style-type: none"> ○ Información ás familias e alumnos/as das actividades propostas, explicacións en diferentes formatos e solucionarios. ○ Comunicación a través de correo electrónico (ceip.eulogio.gomez.franqueira@edu.xunta.es) ➤ Redes sociais do Colexio. ➤ Páxina web do Centro. ➤ Chamadas telefónicas.
Publicidade	<p>A adaptación da programación será publicada para o coñecemento de todas as familias polos seguintes medios:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Páxina web do Centro.